

Poucas veces a metáfora dunha crianza que chega ao mundo será tan acaída e tan elusiva do tópico como na hora de falarmos desta publicación que hoxe nace. En primeiro lugar porque **espazo cer0)tr3s** é o resultado de situar nenos e nenas no centro dunha etapa socio-educativa que, até o de agora, se fora desenvolvendo nas marxes da reflexión global, sen soportes axeitados, amparo nin proxección pública. A Educación Infantil de primeiro ciclo ficou, en demasiadas ocasións, abeirada, mesmo esquecida, *cousa pequena*... Só o labor teimudo e imaxinativo de educadoras e educadores, concretado en ricas e diversas experiencias pedagóxicas nas escolas galegas ao longo do tempo, logrou resituarse e valorar a importancia capital que ten a aprendizaxe entre os cero e os tres anos.

espazo cer0)tr3s é a mostra impresa desa mudanza de paradigma, o papel en que se escribe e debuxa o futuro dun novo modelo educativo, en constante evolución, que acha a súa razón de ser na plural realidade en que se asenta, que é a das aldeas, vilas e cidades galegas. O que antes foi tarefa silandeira e illada bole hoxe na superficie coa mesma forza, intuición e creatividade coa que as cativas e cativos pintan un lenzo en branco para o converter na portada que ilustra este primeiro número. O desexo de partillar, de poñer en común, de construír unha rede de traballo -como se vén facendo xa desde o portal Galescolas.net-, está na base desta andaina editorial, a crónica fiel e cumprida do que as familias, as crianzas e as educadoras e educadores son quen de artellar no día a día das súas escolas.

Sábena ben as crianzas que, coma nós, precisan de relatos que lle dean forma ao seu mundo. Aquilo que non se conta, o que non se narra, non adquire corpo, esléese, esquecese e acaba por non ser. Por iso acudimos ás palabras, verbas de noso, para cifrar nelas a ilusión deste proxecto colectivo. E por iso tamén sae do prelo esta revista que, ademais de xerar recursos educativos, aspira a se converter nun espazo de comunicación, nunha plataforma de contidos e nun viveiro de experiencias, un foro aberto ao convivio de ideas, á reflexión e ao intercambio no eido da educación infantil. Iso quere ser **espazo cer0)tr3s**, e iso tentará ser, de aquí en diante, esta revista.